



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

##### Anuncio

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

.- LUGO.- DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA INFANTA ELENA, DUQUESA DE LUGO. TRAMO GLORIETA RONDA NORTE-GLORIETA 25 DE NOVEMBRO. (EX001OB-19-AB).

.- LUGO.- REPARACIÓN DE CUBERTA DO PAZO PROVINCIAL DE SAN MARCOS (EX002OB19AB)

.- LUGO.- REPARACIÓN ESTRUCTURAL DOS PAVILLÓNS 1 E 2 DO FOGAR DE SANTA MARÍA (EX003OB19AB)

.- SARRIA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5602 "SAMOS (LU-633)-PINTÍN-SARRIA (LU-633)", PK 15+480 A 17+495 E LU-P-5702 "PEDRAFITA (LUP5703)-SABADELLE-VILANOVA DE SAN VICENTE DE FROIAN", PK 0+000 A 2+611 (EX008OB-AF-PERF 17/19-AB)

.- O SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4102 "FERREIRA (N120A)-CURRELOS (LU-611)", PK 14+500 A 22+340 (EX009OB-AF-PERF 17/19-AB)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 1 febreiro de 2019. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402/2017 de data 24-02-2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Alvarez Martínez.

R. 0344

### CONCELLOS

#### BURELA

##### Anuncio

Expte.- 2326/2018

Que o expediente de Modificación Ordenanza Fiscal nº 12 da Taxa por prestación do servizo de sumidoiro, permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo nº 286 de 15/12/18 sen que durante devandito prazo se haxa presentado alegación algunha.

Por iso, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, debe entenderse definitivamente adoptado o acordo coa redacción que de seguido se transcribe:

#### ORDENANZA FISCAL Nº 12 TAXA POR PRESTACION DO SERVIZO DE SUMIDOIRO

##### Artigo 1.-

Este Concello conforme o autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e acordo co previsto no artigo 20,4,r) da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por servizo de suminoiro, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme o disposto no artigo 16 da Lei 39/88 citada.

##### FEITO IMPONIBLE

##### Artigo 2.-

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais mediante a utilización da rede de sumidoiro municipal. Así como ó prestado para a conexión á rede

xeral, unha vez constatado que se dan as condicións necesarias para a autorización da acometida rede xeral. Así como a vixancia especial de sumidoiros particulares.

O servizo de evacuación de excretos, augas negras residuais e pluviais será de recepción obligatoria, polo que en consecuencia tódolos inmobles enclavados a distancia menor de cen metros dalgunha arteria do sumidoiro deberán estar dotadas do servizo, devengándose a Taxa aínda cando os suxetos pasivos non realicen a acometida da finca rede xeral.

## **DEVENGO**

### **Artigo 3.-**

O tributo considerarase devengado dende que naza a obrigaón de contribuir a tenor do establecido no artigo 2. Considerase que empeza a prestación do servizo que da orixe ó nacemento da obrigaón de contribuir, cando teña lugar á cometida efectiva, previa autorización ou sen ela, en cuio caso haberá lugar ás sancións que procedan.

Cando a taxa se devenguen anualmente, o devengo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo corresponderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no servizo, en cuio caso a cuota prorratearase por trimestres naturais.

## **SUXETOS PASIVOS**

### **Artigo 4.-**

Son suxetos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptibles de imposición; que ocupen ou utilicen por calquera clase de título, incluso en precario, as vivendas e locais onde se preste o servizo.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, os cales poderán repercutir, e no seu caso, ós ocupantes ou usuarios, as cotas aboadas por razón da Taxa.

## **RESPONSABLES**

### **Artigo 5.-**

- 1.- Serán responsables solidariamente das obrigaóns tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarios das infraccións cometidas neste Réxime de tributación.
- 2.- Os copartícipes ou cotitulares das herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigaóns tributarias de ditas entidades.
- 3.- Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigaóns tributarias infrinxidas, consistiran no incumplimento por quenes dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Asimesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigaóns tributarias que esteñan pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.
- 4.- Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigaóns tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxetos pasivos.

## **BASE IMPONIBLE E LIQUIDABLE**

### **Artigo 6.-**

A base imponible virá determinada no suposto de licenza ou autorización para a cometida rede de sumidoiro, polo número de locais ou vivendas que desagüen conjuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización.

No referente evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais, a base imponible ven constituída polo m<sup>3</sup>. de auga consumida na finca.

Na vixancia de sumidoiros particulares os metros lineais ou fracción de lonxitude do sumidoiro.

**COTAS TRIBUTARIAS****Artigo 7: COTA TRIBUTARIA**

CONCEPTO	COTA
Tódolos abonados que consuman auga ou non, abonarán un mínimo de 10 m <sup>3</sup> /bimestre, así como os excesos de tal cantidade a	0,090773
Vivendas, cota variable	0,090773
Locais comerciais, industriais, obras e outros cotas fixas	0,090773
Locais de negocio, cota variable	0,090773
Acometida xeral do edificio	113,10 €
Por cada alta de vivenda o local	40,75
Polo servizo de saneamento, para abonados de uso doméstico, comercial, industrial, obras e outros	0,090773
Pola depuración de augas residuais para tódolos abonados que consuman auga ou non, abonarán un mínimo de 10m <sup>3</sup> /bimestre, así como os excesos de dito consumo a razón de	0,138208

**ABONADOS CON SUBMINISTRO NON PROCEDENTE DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO:**

Aqueles abonados/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e/ou vertan a rede de saneamento un caudal superior ó consumido sa rede municipal, instalarán o seu cargo aparatos para medida do caudal vertido a rede; esta medición servirá de base para a facturación por depuración, a razón de: 0,138208 €/m<sup>3</sup>

Nota: As cotas anteriores non inclúen I.V.E.

**ACOMETIDA DE SANEAMENTO**

Ud. Acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C. diámetro 160/5at-, incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente, para unha lonxitude máxima de 5m.

CONCEPTO	COTA
Zanxa en terra	346,39 €/ud
Zanxa en asfalto	387,71 €/ud
Zanxa en beirarrúa	445,58 €/ud

Nota: Estes prezos veranse gravados co I.V.E correspondente.

**Artigo 8.-**

As cotas da primeira anualidade faranse efectivas ó formular a oportuna declaración de alta, e as periódicas no tempo e forma que se indican no Regulamento Xeral de Recaudación para esta clase de tributos.

**EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES****Artigo 9.-**

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/88 de 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais, ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

**PAZOS E FORMA DE DECLARACION E INGRESOS****Artigo 10.-**

Tódalas persoas obrigadas ó pago deste tributo, deberán presentar no prazo de trinta días na Administración Municipal, declaración dos inmobles que posean, mediante escrito dirixido ó Sr. Presidente da Corporación. Trancorrido dito prazo sin haberse presentado a declaración, a Administración, sen perxuízo das sancións que procedan, efectuará de oficio o alta na correspondente matrícula do tributo.

**Artigo 11.-**

O tributo recaudarase anualmente nos prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recaudación para os tributos de notificación colectiva e periódica, salvo que, para un exercicio en concreto o Pleno Municipal dispoña outra cosa. Por excepción a liquidación correspondente ó alta inicial na matrícula ingresarase nos prazos indicados no citado Regulamento para ingresos directos.

**INFRACCIONES E SANCIONS TRIBUTARIAS****Artigo 12.-**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributarias e demais normativa aplicable.

Burela, 5 de febreiro de 2019. O Alcalde Alfredo Llano García.

R. 0347

*Anuncio***Expte.- 2327/2018**

Que o expediente de Modificación Ordenanza Fiscal nº 15 da Taxa pola distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 286 de 15/12/18 sen que durante devandito prazo se haxa presentado alegación algunha.

Por iso, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, debe entenderse definitivamente adoptado o acordo coa redacción que de seguido se transcribe:

**ORDENANZA FISCAL Nº 15 TAXA POLA DISTRIBUCION DE AUGA, INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES.****FUNDAMENTO E REXIMEN****Artigo 1.-**

Este Concello conforme o autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e dacordo co previsto no artigo 20,4,t) da Lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme o disposto no artigo 16 da Lei 39/88 citada

**FEITO IMPONIBLE****Artigo 2.-**

Está constituído pola actividade municipal desenrolada con motivo da distribución de auga potable a domicilio, ó enganche de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores.

**DEVENGO****Artigo 3.-**

A obrigación de contribuir nacerá no momento de prestarse o servizo previa a correspondente solicitude ou depende que se utilice éste sen haber omitido a previa licencia, debendo depositarse previamente o pago correspondente ó enganche e contadores.

**SUXETOS PASIVOS****Artigo 4.-**

Son suxetos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire ou artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza.

Terán a consideración de sustitutos do contribuínte os propietarios de vivendas ou locais ás que se provea o servizo, as cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficios.

**BASE IMPONIBLE E LIQUIDABLE****Artigo 5.-**

A base do presente tributo estará constituída por:

No suministro ou distribución de auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde esteña instalado o servizo.

Nas acometidas a rede xeral: o feito da conexión á rede por cada local comercial, vivenda individual.

E na colocación e utilización dos contadores: clase de contador individual ou colectivo.

**COTAS TRIBUTARIAS****Artigo 6: COTA TRIBUTARIA**

CONCEPTO	COTA
A cota de entronque a rede xeral	113,10 €
Traspaso de titularidade	10,87 €
Cotas por alta no padrón	40,75 €
Cobro ós abonados morosos	4,03 €
Cota fixa	4,2219 €/bimestre

CONSUMO	COTA 2018		
	Ata 20m <sup>3</sup> /bimestre	De 20m <sup>3</sup> a 150 m <sup>3</sup>	Dende 150 m <sup>3</sup>
Vivenda	0,674889 €	0,755226 €	0,858303 €
Locais comerciais	0,822957 €	0,927230 €	0,927230 €
Locais industriais	0,874097 €	0,981317 €	1,039080

Por subministracións de auga non clorada: 0,337445 €/m<sup>3</sup>

Por desprecintado do contador, cota anterior: 30,46 €

Por conexión a rede e precintado dos racores de contadores non colocados por persoal do servizo: 21,39 €/ud.

Comprobación do contador con contador padrón:

Por comprobación de contador con contador padrón con resultado de funcionamento correcto, cota anterior: 21,71 €/ud

Por cobros ós abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago, cota anterior: 4,03 €/ud

Por limpeza de acometida de saneamento con camión: 100,40 €/hora

Por limpeza de acometida de saneamento con medio anuais: 21,71 €/hora

Por conservación de acometida de abastecemento: 0,342 €/bimestre

Por conservación de contador de diámetro entre 13 e 20 mm : 0,342 €/bimestre

Nota: Tódalas tarifas anteriores non teñen incluído o I.V.E.

Lista de prezos de acometidas de contadores:

Acometidas de abastecemento

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5m. de lonxitude máxima (1 a 5 m.)

Diámetro de acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-bairarrúas (C)
	COTA		
¾"	193,85 €	246,92 €	292,38 €
1"	210,13 €	262,83 €	307,82 €
1 ½"	250,98 €	304,25 €	349,13 €
2"	289,73 €	340,61 €	384,97 €

**INCREMENTO POR METRO NO PREZO DA ACOMETIDA PARA LONXITUDES SUPERIORES A 5 m. SEGUNDO DIÁMETRO E TIPO**

TIPO	¾"	1"	1 ½"	2"
	COTA			
<b>A</b>	9,01 €	10,57 €	15,11 €	25,30 €
<b>B</b>	19,88 €	21,46 €	25,94 €	36,16 €
<b>C</b>	23,91 €	25,41 €	29,88 €	40,11 €

**CONTADORES**

Instalación del contador (diámetro 13 mm) en batería ou similar.

Prezo contador instalado: 84,56 €/ud.

Instalación de contador de diámetro superior a 13 mm.

Para contadores de diámetros superiores farase un presuposto previo.

Tarifa de contadores (sen colocación)

Diámetro 13mm: 54,55 €/ud.

Diámetro 15mm: 54,55 €/ud.

Diámetro 20 mm: 75,81 €/ud.

Diámetro 25 mm: 123,48 €/ud.

Diámetro 30 mm: 172,60 €/ud.

Diámetro 40 mm: 267,54 €/ud.

Diámetro 50mm: 584,59 €/ud.

Diámetro 65 mm: 723,69 €/ud

**EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES.**

**Artigo 7.-**

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/88, de 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

**NORMAS DE XESTION**

**Artigo 8.-**

As comunidades de veciños, virán obrigadas a establecer un contador xeral, para a comunidade a excepción dos locais comerciais, sen perxuízo de que cada usuario, teña un contador individual. Os locais comerciais, así como as industrias, están obrigados a poñer un contador individual, con toma anterior ó contador xeral da comunidade. En todo caso, no prazo de tres meses, contados a partires da entrada en vigor da presente Ordenanza, tódolos dueños de comercio ou industrias deberán haber cumprido o establecido no párrafo anterior.

A acometida de auga á rede xeral, será solicitada individualmente, por cada vivenda, polo que será obligatoria a instalación dun contador por vivenda unifamiliar. Dita solicitude, será presentada no Concello.

Os solicitantes de acometida de enganche, farán constar ó fin a que se destina a auga, advirtiéndose que calquera infracción ou aplicación diferente, daquela para a que se solicita, será castigado cunha multa na cantidade que acorde o Concello, sen perxuízo de retirarlle o suministros de auga.

Cando o solicitado de acometida de auga a efectuase, en data posterior que deba habelo feito, satisfará como dereito de enganche, o 200 por 100 do importe que lle corresponda aboar por cada enganche.

**Artigo 9.-**

A concesión do servizo, otorgarase mediante acto administrativo e quedará suxeto ás disposicións da presente Ordenanza e as que se fixasen no oportuno contrato. Ser por tempo indefinido en tanto as partes non manifesten por escrito, a súa vontade de rescindir o contrato e por parte do suministrador se cumpran as condicións prescritas nesta ordenanza e o contrato que queda dito.

**Artigo 10.-**

As concesións clasificaranse en:

Para usos domésticos, é decir, para atende-las necesidades da vida e higiene privada.

Para usos industriais, considerándose dentro destes, os hoteis, bares, tabernas, garaxes, estables, fábricas, colexios, etc.

Para usos oficiais.

**Artigo 11.-**

Ningún aboado pode dispoñer da auga máis que para aquilo que lle foi concedida, salvo causa de forza maior quedando terminantemente prohibido, a cesión gratuíta ou a reventa de auga

**Artigo 12.-**

Os gastos que ocasione a renovación de tuberías, reparación de minas, pozos, manantiais, consumo de forza, etc., serán cubertas polos interesados.

**Artigo 13.-**

Tódalas obras para conduci-la auga, da rede xeral toma do abonado, serán de conta deste, si ben, realizárase baixo a dirección municipal e na forma que o Concello estime.

**Artigo 14.-**

O Concello por providencia do Sr. Alcalde, poden sen outro trámite, cortar o suministro de auga a un aboado, cando negue a entrada ó domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título gratuíto e onorosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo, cando exista rotura de precintos, selos ou outra marca de seguridade posta polo Concello, así como os "Ilimitadotes de subministros dun tanto alzado". Tódalas concesións, responden a aunha póliza ou contrato suscrito polo particular e o Concello que se fará por duplicado exemplar.

**Artigo 15.-**

O corte da acometida por falta de pago, levará consigo ó rehabilitarse, o pago dos dereitos de nova acometida.

**Artigo 16-**

O cobro da taxa, farase mediante recibos bimensuais. A conta que non se fixera efectiva, dentro do mes seguinte á terminación do período respectivo, esixírase pola vía de apremio ós deudores do subministro de auga como queda dito.

**Artigo 17.-**

En caso de que por escasez de caudal, augas sucias, sequías, xeadas, reparacións, etc., o Concello tivera que suspender total ou parcialmente o subministro, os aboados non terán dereitos a reclamación algunha, nin indemnización por danos, perxuízos ou calesqueira outros conceptos, atendéndose neste senso que a concesión se fai a título precario.

**RESPONSABLES****Artigo 18.-**

Serán responsables solidariamente das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarios das infraccións cometidas neste Réxime de tributación.

Os copartícipes ou cotitulares das herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas, consistiran no incumplimento por quenes dependan deles ou adopten acordos que fixeran posibles as infraccións. Asimismo tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que esteñan pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxectos pasivos.

**INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS****Artigo 19.-**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenaza, estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Burela, 5 de febreiro de 2019. O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0348

**CASTRO DE REI***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 31 de xaneiro de 2019 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 3º trimestre de 2018, exponse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 1 de febreiro e o 1 de abril de 2019, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias do Concello de Castro de Rei.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 31 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0349

**GUITIRIZ***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2019 E APROBACIÓN INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE**

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 31 de xaneiro de 2019 o expediente de modificación orzamentaria consistente en Crédito Extraordinario por un importe total de 138.242,50 € en cumprimento do disposto no artigo 179.4 en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público, durante un prazo de quince días hábiles, na Secretaría Xeral do Concello, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán dirixirse á Sra. Alcaldesa-Presidenta deste Concello.

Guitiriz, 5 de febreiro de 2019. - A ALCALDESA, Regina Polín Rodríguez.

R. 0350



## LUGO

### Anuncio

Tal e como se establece na base décimo sexta das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, así como na base décimo sétima das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, publicadas no BOP de Lugo núm.157 do nove de xullo de 2008, con anterioridade ó inicio dos exercicios previstos nas diferentes bases e convocatorias específicas, o Excmo. Concello determinará, mediante un único sorteo público celebrado logo do anuncio previo no BOP de Lugo, a orde de actuación dos aspirantes en todas as probas selectivas convocadas durante o ano.

Por todo o que, en cumprimento do establecido nas devanditas bases se anuncia que o citado sorteo se celebrará ás nove horas da mañá do día 15 de febreiro de 2019, no Salón de Comisións do Concello de Lugo sito na praza Maior desta cidade baixo a presidencia de dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Lugo, 23 de xaneiro de 2019.- O Tte. de Alcalde Delegado da Area Desenvolvemento Sostible e Persoal, Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 0364

## OUTEIRO DE REI

### Anuncio

De acordo co disposto no artigo 92 da Lei 9/2.002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, Artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e demais Disposicións de aplicación, faise público que o Pleno deste Concello en sesión extraordinaria do 27 de setembro de 2018 aprobou definitivamente a modificación puntual do plan de sectorización CC1-1ª fase consistente na modificación da ordenanza industrial, promovida polo Concello de Outeiro de Rei.

Consecuentemente co referido Artigo 92 da Lei 9/2.002, faise constar que con data 1 de xaneiro de 2019 foi inscrito no Rexistro de Planeamento de Galicia a modificación puntual do Plan de Sectorización CC1-1ª fase: modificación da ordenanza industrial co número de Rexistro RPG/00003/2019.

O contido da ordenanza industrial que se modifica é como segue:

#### **Ordenanza Industrial CC1-1ª fase**

##### **DEFINICIÓN**

Espazos en ordenación aberta ou pechada, destinados a usos industriais, así como os complementarios de carácter público ou privado anexos ás actividades.

##### **ÁMBITO TERRITORIAL**

O sinalado no plano de organización espacial como solo industrial.

##### **NORMAS DE USO**

###### **USO PRINCIPAL**

Industrial: todos os graos, excepto a de obrigado illamento por incompatibilidade.

###### **USOS COMPATIBLES**

Residencial: vivendas asociadas coa industria xustificando a necesidade da súa localización.

Usos terciarios: oficinas, hostaleiro e recreativo.

Dotacionais de todo tipo, públicos ou privados.

Equipamentos: sanitario-asistencial, cultural, deportivo, administrativo-institucional, servizos públicos.

Comercial: Todos os graos.

###### **USOS PROHIBIDOS**

Todos os demais, en especial vivenda non asociada á industria.

Os usos compatibles non asociados a unha industria, non superarán o 30% da edificabilidade lucrativa total do sector.

##### **NORMAS DE VOLUME**

##### **CONDICIÓNS DE POSICIÓN**

Aliñacións e rasantes segundo planos.

Recuamento frontal: Establécese unha aliñación frontal obrigatoria de 5 m, que poderá ser aumentada sempre que a edificación se retranquee lateralmente en todos os lindeiros

Recuamento á autovía e vías de acceso: as sinaladas na lexislación vixente no momento de concesión da licenza.

Recuamento lateral: a edificación poderá acaroarse en todos os seus lindeiros. En caso de recuamento este será polo menos de 5 m ou a metade da altura da edificación.

As medianeiras terán tratamento de fachada.

#### **CONDICIÓNS DE EDIFICACIÓN**

Altura máxima: 2 plantas ó 9 m, ou a que requira a instalación, xustificada mediante proxecto, sen exceder a edificabilidade máxima permitida na parcela.

#### **EDIFICABILIDADE**

A edificabilidade máxima a nivel de parcela é de 0,9924 m<sup>2</sup>/ m<sup>2</sup>.

#### **RESERVA DE APARCADOIROS**

Reservarase o espazo necesario dentro de cada parcela para situar as prazas de aparcadoiro a razón dunha praza cada 250 m<sup>2</sup> construídos ou fracción.

Poderase utilizar como aparcadoiro a franxa de 5 m de retranqueo frontal de cada parcela.

#### **PARCELA MINIMA**

A parcela mínima de tipo industrial é de 400 m<sup>2</sup>.

Outeiro de Rei, 5 de febreiro de 2019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0345

---

### **A PASTORIZA**

#### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o orzamento para o exercicio económico 2019, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e disposicións concordantes expónse ao público na secretaría deste concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. alcalde-presidente desta corporación.

A Pastoriza, 5 de febreiro de 2019.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0346

---

### **SARRIA**

#### *Anuncio*

#### **BASES DO CONCURSO DO DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO, DO CONCELLO DE SARRIA, DOMINGO DIA 3 DE MARZO DE 2019**

Saída do barrio da Estación ás 17:00 horas.

O remate e entrega dos premios realizarase na Pavillón dos institutos ,Rúa Castelao sn.

O Xurado valorará a orixinalidade dos disfraces, a posta en escea, a simpatía e a graza dos participantes.

O xurado do concurso estará composto por :

-VOGAIS: Representantes de diferentes asociacións e colectivos relacionados coa cultura local.

-SECRETARIO/A: O responsable da O.M.I.X do Concello de Sarria, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración e os materiais utilizados, a orixinalidade e o interese etnográfico, o humor, a posta en escena e a utilización de música en vivo.

O persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o a orde seu posto,calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

O Xurado fará pública a súa decisión unha vez rematado o desfile, reservándose o dereito de declarar deserto os premios e e as axudas que considere oportunas por non acadar a calidade ou participación suficiente.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases.

### **A decisión do xurado é inapelable**

#### **CATEGORÍAS:**

##### **ADULTOS**

##### **CARROZAS :**

Poderán participar nesta modalidade aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas, leven plataforma ou remolque de superficie suficiente para que a totalidade do grupo ou polo menos o 50 % dos seus integrantes suban nela.

##### **COMPARSAS :**

Todos aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas que non entren na categoría de carrozas (aínda que leven como complemento algún vehículo para a megafonía).

#### **CATEGORÍAS:**

##### **INFANTIL**

##### **CARROZAS :**

Aqueles grupos que leven plataforma ou remolque, de medida suficiente para que a totalidade do grupo ou polo menos o 50 % dos seus integrantes suban nela

##### **COMPARSAS:**

Todos aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas que non entren na categoría de carrozas (aínda que leven como complemento algún vehículo para a megafonía).

Poderán participar na modalidade de infantil todos os grupos formados íntegramente por menores de 14 anos, ou que máis dun 50 % dos seus membros sexan menores desta idade.

**En todo caso se a Organización considera que aqueles que se apuntasen coma carroza ou comparsa ,non reunen os requisitos, quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar a súa categoría.**

#### **AXUDAS**

Coa finalidade de que a participación sexa importante darase a cada participante da comarca a seguinte cuantía:

**CARRROZAS: 120€**

**COMPARSAS: 80 €**

#### **INSCRIPCIÓNS:**

- **Priorízase a orde de inscrición, para as axudas ata un gasto máximo de 2.000€**
- **Reunión obrigatoria :** mercores 27 de febreiro, ás 20.30h , no concello de Sarria.
- **Inscrición:** dende o día seguinte a publicación no B.P.O e ata o 27 de febreiro, ás 12.00h da mañá, a través do impreso da páxina web: [www.sarria.es](http://www.sarria.es) . A este impreso deberá adxuntarse o D.N.I. e o certificado da titularidade da conta bancaria onde se fará efectivo o pago das axudas e/ou dos premios, orixinal ou fotocopia.

#### **ACÓRDASE DAR OS SEGUINTE PREMIOS :**

##### **Nº1 ADULTOS CARROZAS DE 15 O MÁIS PARTICIPANTES**

1º PREMIO: 460€ (suxeito a retención de I.R.P.F)

2º PREMIO: 300€

##### **Nº2 ADULTOS CARROZAS DE MENOS DE 15 PARTICIPANTES**

1º PREMIO: 240€

2º PREMIO: 170€

##### **Nº3 ADULTOS COMPARSA DE 15 O MÁIS PARTICIPANTES**

1º PREMIO: 280€

2º PREMIO: 220€

**Nº4 ADULTOS COMPARSA DE MENOS DE 15 PARTICIPANTES**

1º PREMIO: 200€

2º PREMIO: 160€

**Nº5 INFANTIL CARROZA**

1º PREMIO: 310€

2º PREMIO: 240€

**Nº6 INFANTIL COMPARSA DE CENTROS EDUCATIVOS OU ASOCIACIÓN DO CONCELLO DE SARRIA**

1º PREMIO: 300€

2º PREMIO: 230€

3º PREMIO: 170€

**Nº7 INFANTIL COMPARSA**

1º PREMIO: 160€

2º PREMIO: 110€

**Nº8 FORA DA COMARCA**

1º PREMIO CARROZA 250€

1º PREMIO COMPARSA 120€

**Nº9 MELLOR DISFRAZ EN PARELLA INSCRITA: 80€**

**Nº10 MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL INSCRITO : 50€**

Sarria, 5 de febreiro de 2019.- A Alcaldesa, María del Pilar López Yáñez.

R. 0351

**XERMADE**

*Anuncio*

**Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a provisión, mediante funcionario/a interino/a, de prazas de traballador/a social do Concello de Xermade.**

Por Decreto da Alcaldía núm. 52/2019 de data 1 de febreiro aprobáronse as bases que de seguido se transcriben literalmente:

**“Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a provisión, mediante funcionario/a interino/a, de prazas de traballador/a social do Concello de Xermade.**

**Primeira. Obxecto.**

É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de traballador social, para o desenvolvemento das funcións e tarefas específicas da especialidade profesional correspondente, como funcionario interino, sempre e cando se requira unha cobertura áxil e urxente para atender ás demandas de persoal.

A bolsa de emprego, que se formará pola relación dos/as aspirantes que superaran o presente proceso selectivo, destinarase á contratación do persoal que a integre cando se produza algunha das seguintes circunstancias (artigo 10.1 do EBEP e artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia):

- a) Cando se produza a situación de vacante temporal con reserva do posto de traballo do titular da praza.
- b) Cando sexa necesaria a substitución transitoria do titular da praza con ocasión de baixas médicas, vacacións, licenzas ou circunstancias análogas.
- c) A execución de programas ou proxectos de carácter temporal.
- d) Exceso ou acumulación de tarefas.

A praza está encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala: Técnica, clasificada no Grupo A, Subgrupo: A2. As retribucións básicas serán as correspondentes ao grupo de clasificación de funcionario A, subgrupo A2, o nivel de complemento de destino e complemento específico determinarase co chamamento correspondente.

As funcións a realizar serán as correspondentes á titulación requirida, na área de servizos sociais do Concello de Xermade, agás naqueles supostos de execución de programas de carácter temporal, que poderán axustarse ao contido do programa.

Agás naqueles casos nos que en virtude dunha subvención outorgada ao efecto ou outra normativa de referencia así o estableza, a presente bolsa de traballo será a canle única de selección do persoal funcionario interino para a cobertura de prazas temporais de traballador/a social.

#### **Segunda. Requisitos dos/as aspirantes.**

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de diplomatura universitaria ou grao en traballo social.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. Os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- e) Non ter sido separado, mediante un expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Idéntica situación será esixida aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- f) Estar en posesión de permiso de conducir en vigor (tipo B).

Todos os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes.

#### **Terceira. Presentación de instancias.**

As instancias, xunto coa copia simple do DNI e dos méritos alegados segundo modelo que se acompaña no anexo I, dirixiranse ao alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral, durante o prazo de dez (10) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

#### **Cuarta. Admisión de aspirantes. Data e lugar de realización das probas.**

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará a Resolución pola que declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do prazo de emenda que nos termos da Lei 39/2015, concédese aos aspirantes excluídos, e determina así mesmo lugar de comezo dos exercicios e a composición do Tribunal.

A devandita Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>).

#### **Quinta. Tribunal cualificador.**

Estará compostos polos seguintes membros, todos/as eles/as funcionarios/as públicos/as.

Presidente (titular e suplente): Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.

1º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou laboral fixo pertencente á administración autonómica, provincial ou local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

2º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou laboral fixo pertencente á administración autonómica, provincial ou local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

3º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou laboral fixo pertencente á administración autonómica, provincial ou local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

Secretario (con voz e voto): Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.

Os membros do tribunal, deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados segundo se indica no RD 462/2002 de 24 de maio.

#### **Sexta. Proceso selectivo.**

Efectuarase mediante concurso-oposición. Únicamente se valorarán os méritos daqueles candidatos que superaran a fase de oposición.

Unha vez comezadas as probas selectivas, os sucesivos exercicios anunciaranse nos locais onde se celebren estas e no taboleiro de anuncios do concello. Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único.

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirir en calquera momento os concursantes que acrediten a súa identidade.

Para determinar a orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente, iniciarase pola letra que determine o sorteo celebrado para o efecto.

### **Sétima. Desenvolvemento das probas**

#### **7.2. Primeira fase: oposición.**

##### **1.ª Proba (de carácter eliminatorio):**

Consistirá en responder un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas, relativas ao bloque de temas denominado TEMAS XERAIS, do Anexo II, non se valorarán as preguntas falladas nin as non contestadas. Terá unha duración máxima de sesenta (60) minutos.

A puntuación deste primeiro exercicio será de 1 a 20 puntos, e será necesario acadar un mínimo de 10 puntos para superalo. As persoas non aprobadas resultarán eliminadas.

##### **2.ª proba (de carácter eliminatorio):**

Superada a anterior, consistirá na realización de un suposto práctico, relativas ao bloque de temas denominado TEMAS ESPECÍFICOS, do Anexo II durante un prazo máximo de noventa (90) minutos.

A valoración será de 0 a 50 puntos, e precisarase obter un mínimo de 25 puntos para aprobar.

##### **3.ª Proba**

Coñecemento do idioma galego. A proba consistirá nunha tradución en ambos os dous sentidos. Cualificación de apto/non apto. Terá carácter eliminatorio. Quedará exceptuado/a desta proba quen acredite estar en posesión do CELGA 4.

Ao obxecto desta proba incorporárase o persoal especializado que considerara o tribunal.

#### **8.2. Segunda fase: concurso de méritos.**

Valorárase cunha cualificación máxima de 30 puntos.

##### **A) Formación académica (máximo 10 puntos).**

a.1.) Formación universitaria de grao superior: 0,25 puntos por cada 100 horas lectivas, ata un máximo de 2,00 puntos.

a.2) Formación especificamente relacionada co posto de traballo e impartida polas administracións públicas e/ou entidades formativas debidamente acreditadas e homologadas, 0,20 puntos por cada curso de duración superior a 25 horas, ata un máximo de 8,00 puntos.

Os títulos e diplomas ou certificados de cursos que presenten os interesados acreditaranse mediante fotocopia simple dos mesmos, expedido polo Organismo ou Entidade correspondente.

##### **B) Experiencia profesional nos últimos dez anos (máximo 20 puntos).**

b.1) Polo desempeño profesional como traballador/a social, na administración local, autonómica ou estatal: 0,20 puntos por cada mes de servizos, ata un máximo de 12,00 puntos.

b.2) Polo desempeño profesional como traballador/a social no sector privado e/ou terceiro sector: 0,10 puntos por cada mes de servizos, ata un máximo de 8,00 puntos.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral de Seguridade social, certificación de servizos prestados emitida pola Administración pública competente que indique as tarefas que realizaba o traballador, e contratos de traballo, copia simple.

##### **C) Coñecemento do galego (máximo 2 puntos):**

c.1) Pola acreditación do curso de linguaxe administrativa galega, nivel medio: 1,5 puntos.

c.2) Pola acreditación do curso de linguaxe administrativa galega, nivel superior: 2,00 puntos.

Únicamente se valorará a titulación con maior puntuación.

#### **Oitava. Proposta de nomeamento.**

Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará por orde de puntuación a relación de persoas aprobadas, e elevará a devandita relación á Alcaldía para os efectos de tramitación do pertinente nomeamento.

O tribunal só poderá propoñer o nomeamento de un/unha aspirante. Así mesmo elaborará unha listaxe co resto, que será utilizada para posibles coberturas, por calquera causa, da/s praza/s, sempre que non transcorresen máis de dous anos dende a publicación no BOP da bolsa de emprego.

#### **Novena. Presentación de documentos.**

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de tres días naturais contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos seguintes:

1. Fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade.
2. Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título ou, no seu caso, diploma sobre a base do cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumprido todos os requisitos para a expedición deste. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.
3. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de persoas discapacitadas, observarase tamén o que establece o apartado d) da base segunda da presente convocatoria.
4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).

#### **Décima. Nomeamento e toma de posesión de prazas de funcionario/a.**

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo. O/a aspirante nomeado/a deberá tomar posesión no prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao que sexa notificado o nomeamento.

#### **Undécima. Aprobación da Bolsa/Listaxe e xestión dos chamamentos**

Unha vez aprobada por resolución da Alcaldía, expoñeranse no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal. As persoas aspirantes excluídas e as que non figuren na lista, disporán dun prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte da publicación da lista, para emendar o defecto/s que motivase a súa exclusión. Transcorridos os 5 días, si a emenda de defectos provocase a modificación das listas, publicarase unha nova resolución polos medios indicados con anterioridade. Contra a resolución aprobatoria da lista, que esgotará a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na normativa vixente.

Producida algunha das situacións de necesidade de persoal especificadas na base 1ª procederase ao chamamento da persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista previa, lle corresponda ser chamado.

O chamamento poderase facer telefónicamente en supostos de urxencia, cando se trate da cobertura dun posto de traballo cuxa non cobertura puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público.

Para poder ser citadas mediante o chamamento telefónico, as persoas interesadas deberán optar a esta modalidade na súa solicitude de inclusión nas listas; a dita opción será irrenunciable polo/a interesado/a.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8.30 horas e as 14.30 horas, e o/a funcionario/a que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta.

Para os demais supostos o chamamento efectuarase por medio de correo electrónico e/ou sms ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción polo/a interesado/a.

As persoas que sendo chamadas para facer efectivo o nomeamento, non se presentasen no prazo de 48 horas ou renunciaren ó mesmo, perderán os seus dereitos, sendo excluídas da lista, agás casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados libremente polo Concello. Se a persoa aspirante chamada non puidera ser nomeada por causa xustificada, discrecionalmente apreciada, conservará a súa orde de prelación na lista; en caso contrario, será excluída da mesma.

Se calquera dos integrantes da lista renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado renunciara, fora separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído da lista.

As persoas integrantes da lista non perderán a súa orde de prelación nas mesmas ata a confección das seguintes listas, agás cando presten servizos derivados dun chamamento polo tempo dun ano, de tal maneira que se o nomeamento ou nomeamentos para o que son chamados, de xeito único ou no seu conxunto, teñen unha duración inferior a ese período retornarán ao posto que ocupaban na orde de prelación da lista no momento de ser chamados. Superado ese período de prestación de servizos o/a interesado/a pasará a ocupar o último lugar na lista.

A lista terá unha vixencia de dous (2) anos contados dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Duodécima. Réxime xurídico.**

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas no non previsto nestas bases.

Así mesmo, rexerán a lexislación básica do estado sobre Función Pública e o R. D. 896/1991, polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do funcionariado da Administración local. No non previsto nelas, a regulamentación que para o ingreso na Función Pública establece a Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado.



**ANEXO I**

CONVOCATORIA DUN PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS VACANTE DE TRABALLADOR/A SOCIAL, CON CARÁCTER DE INTERINIDADE.

Datos persoais

Primeiro apelido: Segundo apelido: Nome: DNI:  
Acheга copia.

Data de nacemento: Sexo: Concello: Provincia:  
 Muller  Home

Teléfono: Enderezo:

Concello: Provincia: Nacionalidade:

O/a abaixo asinante, solicita ser admitido/a no proceso selectivo a que se refire a presente instancia, para o que declara:

- Que posúe todos os requisitos que se esixen para o ingreso na función pública e máis concretamente na base segunda da convocatoria, comprometéndose a achegalos no caso de ser seleccionado/a.
- Que está exento de realizar a proba de galego (só no caso de estar en posesión do CELGA 4 ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente).
- Que manifesta coñecer as bases da convocatoria e acéptaa na súa integridade.
- Que acepta as notificacións a través de mensaxe electrónica, o telefono xa indicado ou o n.º:
- Que acepta os chamamentos telefónicos, ao telefono xa indicado ou ao n.º:
- Que achega copia dos méritos alegados para a fase de concurso:

a) Formación (indicar denominación das actividades formativas e n.º de horas):

.....

b) Experiencia profesional (indicar posto de traballo e duración en meses):

...

Xermade, \_\_\_\_\_

(Sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADE

**ANEXO II****A) TEMAS XERAIS**

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma. O Parlamento. O Consello da Xunta. O presidente.

Tema 3. A Lei: concepto e clases. Disposicións normativas con forza de lei. O Regulamento: concepto. Clasificación dos regulamentos.

Tema 4. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 5. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación.

Tema 6. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 7. Os recursos administrativos. Conceptos e clases, requisitos xerais. Os recursos ordinarios.

Tema 8. O municipio. Elementos. Territorio e poboación.

Tema 9. A organización municipal. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Competencias municipais.

Tema 10. O RDLex. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto básico do empregado público. Clases de funcionarios. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

Tema 11. Dereitos e deberes do funcionariado local. Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.

Tema 12. O Orzamento xeral das Entidades Locais. Elaboración e aprobación. Referencia ás Bases de execución do orzamento.

Tema 13. Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

**B) TEMAS ESPECÍFICOS**

1.- A acción social. Concepto e etapas históricas. Política social.

2.- O Sistema Galego de Servizos Sociais. Obxectivos. Principios.

3.- Estrutura do Sistema de Servizos Sociais. Servizos sociais comunitarios básicos. Servizos sociais comunitarios específicos. Servizos sociais especializados.

4.- O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

5.- A prestación dos servizos sociais. Formas de prestación.

6.- Mecanismos de control e garantía pública do Sistema Galego de Servizos Sociais.

7.- O Servizo de axuda no fogar. Definición. Obxectivos. Persoas usuarias, profesionais que interveñen. Prestacións e tarefas. Organización. A ordenanza reguladora do SAF do Concello de Xermade (BOP nº 139 do 19/06/2014).

8.- Obxecto, definición e principios fundamentais da lei de promoción de autonomía persoal e atención á dependencia.

9- Configuración do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia. Finalidades do sistema. Niveis de protección.

10- Prestacións e catálogo de servizos de atención do Sistema para a autonomía e atención á dependencia. Procedemento do elaboración do PIA.

11.- Graos de dependencia e valoración. Recoñecemento do dereito. Financiamento do sistema e aportación dos usuarios.

12.- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. A Renda de Integración Social de Galicia. Concepto. Beneficiarios. Obrigas dos beneficiarios. Axudas para a inclusión social de Galicia. Obxecto. Requisitos. Tramitación.

13.- O papel do/a traballador/a social na atención á muller no ámbito municipal. A violencia de xénero. Recursos e programas. Lexislación.

14.- As persoas maiores: aspectos sociais do envellecemento. Necesidades sociais. Recursos e servizos.

- 15.- As persoas con diversidade funcional. Necesidades e recursos.
  - 16.- Migracións. Marco normativo.
  - 17.- Fundamentos, principios e funcións do traballo social.
  - 18.- Niveis de intervención en traballo social.
  - 19.- Proceso metodolóxico: aproximación á realidade social, formulación, planificación, programación, execución e avaliación.
  - 20.- Técnicas en traballo social: instrumentais, de coñecemento, de intervención, de avaliación. Instrumentos específicos. Ferramentas informáticas propias do/a traballador/a social.
  - 21.- Deontoloxía e ética profesional. Os códigos de ética no traballo social.
  - 22.- As necesidades sociais. Concepto, tipoloxía e características.
  - 23.- O/A traballador/a social como membro dun equipo interdisciplinar: fundamentos e funcións.”
- O que se fai público para xeral coñecemento.
- Xermade, 5 de febreiro de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0369

### *Anuncio*

#### **Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a provisión, mediante funcionario/a interino/a, de prazas de educador/a familiar do Concello de Xermade.**

Por Decreto da Alcaldía núm. 64/2019 de data 1 de febreiro aprobáronse as bases que de seguido se transcriben literalmente:

#### **“Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a provisión, mediante funcionario/a interino/a, de prazas de educador/a familiar do Concello de Xermade.**

##### **Primeira. Obxecto.**

É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de educador/a familiar, para o desenvolvemento das funcións e tarefas específicas da especialidade profesional correspondente, como funcionario interino, sempre e cando se requira unha cobertura áxil e urxente para atender ás demandas de persoal.

A bolsa de emprego, que se formará pola relación dos/as aspirantes que superaran o presente proceso selectivo, destinarase á contratación do persoal que a integre cando se produza algunha das seguintes circunstancias (artigo 10.1 do EBEP e artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia):

- a) Cando se produza a situación de vacante temporal con reserva do posto de traballo do titular da praza.
- b) Cando sexa necesaria a substitución transitoria do titular da praza con ocasión de baixas médicas, vacacións, licenzas ou circunstancias análogas.
- c) A execución de programas ou proxectos de carácter temporal.
- d) Exceso ou acumulación de tarefas.

A praza está encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala: Técnica, clasificada no Grupo A, Subgrupo: A2. As retribucións básicas serán as correspondentes ao grupo de clasificación de funcionario A, subgrupo A2, o nivel de complemento de destino e complemento específico determinarase co chamamento correspondente.

As funcións a realizar serán as correspondentes á titulación requirida, na área de servizos sociais do Concello de Xermade, agás naqueles supostos de execución de programas de carácter temporal, que poderán axustarse ao contido do programa.

Agás naqueles casos nos que en virtude dunha subvención outorgada ao efecto ou outra normativa de referencia así o estableza, a presente bolsa de traballo será a canle única de selección do persoal funcionario interino para a cobertura de prazas temporais de educador/a familiar.

##### **Segunda. Requisitos dos/as aspirantes.**

Para ser admitido/a ás probas será necesario:

- a) Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos art. 57 e 58 da Lei 7/2007 pola que se deroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros Estados da Unión Europea e/ou extranxeiros/as residentes en España, sen

necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, dacordo coa Lei orgánica 4/2000 de 11 de Xaneiro, sobre dereitos e liberdades das persoas extranxeiras en España.

b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo artigo 56.1 c) da Lei 7/2007.

c) Estar en posesión do título de Licenciado/a en Pedagogía, Psicoloxía ou Psicopedagogía, Diplomado/a ou Graduado/a en Traballo Social ou Educación Social.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercizo das funcións públicas.

f) Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

g) Estar en posesión de permiso de conducir en vigor (tipo B).

Todos os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes.

#### **Terceira. Presentación de instancias.**

As instancias, xunto coa copia simple do DNI e dos méritos alegados segundo modelo que se acompaña no anexo I, dirixiranse ao alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral, durante o prazo de dez (10) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

#### **Cuarta. Admisión de aspirantes. Data e lugar de realización das probas.**

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará a Resolución pola que declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do prazo de emenda que nos termos da Lei 39/2015, concédese aos aspirantes excluídos, e determina así mesmo lugar de comezo dos exercicios e a composición do Tribunal.

A devandita Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>).

#### **Quinta. Tribunal cualificador.**

Estará composto polos seguintes membros, todos/as eles/as funcionarios/as públicos/as.

Presidente (titular e suplente): Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.

1º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou laboral fixo pertencente á administración autonómica, provincial ou local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

2º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou laboral fixo pertencente á administración autonómica, provincial ou local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

3º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou laboral fixo pertencente á administración autonómica, provincial ou local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

Secretario (con voz e voto): Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.

Os membros do tribunal, deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados segundo se indica no RD 462/2002 de 24 de maio.

#### **Sexta. Proceso selectivo. Desenvolvemento das probas.**

Efectuarase mediante concurso-oposición. Únicamente se valorarán os méritos daqueles candidatos que superaran a fase de oposición.

Unha vez comezadas as probas selectivas, os sucesivos exercicios anunciaranse nos locais onde se celebren estas e no taboleiro de anuncios do concello. Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único.

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirir en calquera momento os concursantes que acrediten a súa identidade.

Para determinar a orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente, iniciarase pola letra que determine o sorteo celebrado para o efecto.

## 6.1.-Fase de oposición.

### 1.ª Proba (de carácter eliminatorio):

Consistirá en responder un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas, relativas ao bloque de temas denominado TEMAS XERAIS, do Anexo II, non se valorarán as preguntas falladas nin as non contestadas. Terá unha duración máxima de sesenta (60) minutos.

A puntuación deste primeiro exercicio será de 1 a 20 puntos, e será necesario acadar un mínimo de 10 puntos para superalo. As persoas non aprobadas resultarán eliminadas.

### 2.ª proba (de carácter eliminatorio):

Superada a anterior, consistirá na realización de un suposto práctico, relativas ao bloque de temas denominado TEMAS ESPECÍFICOS, do Anexo II durante un prazo máximo de noventa (90) minutos.

A valoración será de 0 a 50 puntos, e precisarase obter un mínimo de 25 puntos para aprobar.

### 3.ª Proba

Coñecemento do idioma galego. A proba consistirá nunha tradución en ambos os dous sentidos. Cualificación de apto/non apto. Terá carácter eliminatorio. Quedará exceptuado/a desta proba quen acredite estar en posesión do CELGA 4.

Ao obxecto desta proba incorporárase o persoal especializado que considerara o tribunal.

## 6.2.-Fase concurso:

Valorárase cunha cualificación máxima de 30 puntos.

### A) Formación académica (máximo 10 puntos).

a.1.) Formación universitaria de grao superior: 0,25 puntos por cada 100 horas lectivas, ata un máximo de 2,00 puntos.

a.2) Formación especificamente relacionada co posto de traballo e impartida polas administracións públicas e/ou entidades formativas debidamente acreditadas e homologadas, 0,20 puntos por cada curso de duración superior a 25 horas, ata un máximo de 8,00 puntos.

Os títulos e diplomas ou certificados de cursos que presenten os interesados acreditaranse mediante fotocopia simple dos mesmos, expedido polo Organismo ou Entidade correspondente.

### B) Experiencia profesional nos últimos dez anos (máximo 20 puntos).

b.1) Polo desempeño profesional como técnico/a de intervención familiar, na administración local, autonómica ou estatal: 0,20 puntos por cada mes de servizos, ata un máximo de 12,00 puntos.

b.2) Polo desempeño profesional como técnico/a de intervención familiar no sector privado e/ou terceiro sector: 0,10 puntos por cada mes de servizos, ata un máximo de 8,00 puntos.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral de Seguridade social, certificación de servizos prestados emitida pola Administración pública competente que indique as tarefas que realizaba o traballador, e contratos de traballo, copia simple.

### C) Coñecemento do galego (máximo 2 puntos):

c.1) Pola acreditación do curso de linguaxe administrativa galega, nivel medio: 1,5 puntos.

c.2) Pola acreditación do curso de linguaxe administrativa galega, nivel superior: 2,00 puntos.

Únicamente se valorará a titulación con maior puntuación.

## Sétima. Proposta de nomeamento.

Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará por orde de puntuación a relación de persoas aprobadas, e elevará a devandita relación á Alcaldía para os efectos de tramitación do pertinente nomeamento.

O tribunal só poderá propoñer o nomeamento de un/unha aspirante. Así mesmo elaborará unha listaxe co resto, que será utilizada para posibles coberturas, por calquera causa, da/s praza/s, sempre que non transcorresen máis de dous anos dende a publicación no BOP da bolsa de emprego.

## Oitava. Presentación de documentos.

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de tres días naturais contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos seguintes:

1. Fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade.

2. Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título ou, no seu caso, diploma sobre a base do cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumprido todos os requisitos para a expedición deste. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.

3. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de persoas discapacitadas, observarase tamén o que establece o apartado d) da base segunda da presente convocatoria.

4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).

#### **Novena. Nomeamento e toma de posesión de prazas de funcionario/a.**

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo. O/a aspirante nomeado/a deberá tomar posesión no prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao que sexa notificado o nomeamento.

#### **Décima. Aprobación da Bolsa/Listaxe e xestión dos chamamentos**

Unha vez aprobada por resolución da Alcaldía, expoñeranse no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal. As persoas aspirantes excluídas e as que non figuren na lista, disporán dun prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte da publicación da lista, para emendar o defecto/s que motivase a súa exclusión. Transcorridos os 5 días, si a emenda de defectos provocase a modificación das listas, publicarase unha nova resolución polos medios indicados con anterioridade. Contra a resolución aprobatoria da lista, que esgotará a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na normativa vixente.

Producida algunha das situacións de necesidade de persoal especificadas na base 1ª procederase ao chamamento da persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista previa, lle corresponda ser chamado.

O chamamento poderase facer telefónicamente en supostos de urxencia, cando se trate da cobertura dun posto de traballo cuxa non cobertura puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público.

Para poder ser citadas mediante o chamamento telefónico, as persoas interesadas deberán optar a esta modalidade na súa solicitude de inclusión nas listas; a dita opción será irrenunciante polo/a interesado/a.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8.30 horas e as 14.30 horas, e o/a funcionario/a que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta.

Para os demais supostos o chamamento efectuarase por medio de correo electrónico e/ou sms ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción polo/a interesado/a.

As persoas que sendo chamadas para facer efectivo o nomeamento, non se presentasen no prazo de 48 horas ou renunciasen ó mesmo, perderán os seus dereitos, sendo excluídas da lista, agás casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados libremente polo Concello. Se a persoa aspirante chamada non puidera ser nomeada por causa xustificada, discrecionalmente apreciada, conservará a súa orde de prelación na lista; en caso contrario, será excluída da mesma.

Se calquera dos integrantes da lista renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado renunciara, fora separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído da lista.

As persoas integrantes da lista non perderán a súa orde de prelación nas mesmas ata a confección das seguintes listas, agás cando presten servizos derivados dun chamamento polo tempo dun ano, de tal maneira que se o nomeamento ou nomeamentos para o que son chamados, de xeito único ou no seu conxunto, teñen unha duración inferior a ese período retornarán ao posto que ocupaban na orde de prelación da lista no momento de ser chamados. Superado ese período de prestación de servizos o/a interesado/a pasará a ocupar o último lugar na lista.

A lista terá unha vixencia de dous (2) anos contados dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### **Undécima. Réxime xurídico.**

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas no non previsto nestas bases.

Así mesmo, rexerán a lexislación básica do estado sobre Función Pública e o R. D. 896/1991, polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do funcionariado da Administración local. No non previsto nelas, a regulamentación que para o ingreso na Función Pública

establece a Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado.

O que asino en Xermade, 6 de febreiro de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas

**ANEXO I**

CONVOCATORIA DUN PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS VACANTE DE EDUCADOR/A FAMILIAR, CON CARÁCTER DE INTERINIDADE.

Datos persoais

Primeiro apelido:                      Segundo apelido:                      Nome:                      DNI:  
Achega copia.

Data de nacemento:                      Sexo:                      Concello:                      Provincia:  
 Muller  Home

Teléfono:                      Enderezo:

Concello:                      Provincia:                      Nacionalidade:

O/a abaixo asinante, solicita ser admitido/a no proceso selectivo a que se refire a presente instancia, para o que declara:

- Que posúe todos os requisitos que se esixen para o ingreso na función pública e máis concretamente na base segunda da convocatoria, comprometéndose a achegalos no caso de ser seleccionado/a.
- Que está exento de realizar a proba de galego (só no caso de estar en posesión do CELGA 4 ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente).
- Que manifesta coñecer as bases da convocatoria e acéptaa na súa integridade.
- Que acepta as notificacións a través de mensaxe electrónica, o telefono xa indicado ou o n.º:
- Que acepta os chamamentos telefónicos, ao telefono xa indicado ou ao n.º:
- Que achega copia dos méritos alegados para a fase de concurso:

a) Formación (indicar denominación das actividades formativas e n.º de horas):

.....

b) Experiencia profesional (indicar posto de traballo e duración en meses):

...

Xermade, \_\_\_\_\_

(Sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADE



**ANEXO II****A) TEMAS XERAIS**

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma. O Parlamento. O Consello da Xunta. O presidente.

Tema 3. A Lei: concepto e clases. Disposicións normativas con forza de lei. O Regulamento: concepto. Clasificación dos regulamentos.

Tema 4. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 5. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación.

Tema 6. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 7. Os recursos administrativos. Conceptos e clases, requisitos xerais. Os recursos ordinarios.

Tema 8. O municipio. Elementos. Territorio e poboación.

Tema 9. A organización municipal. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Competencias municipais.

Tema 10. O RDLex. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto básico do emprego público. Clases de funcionarios. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

Tema 11. Dereitos e deberes do funcionariado local. Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.

Tema 12. O Orzamento xeral das Entidades Locais. Elaboración e aprobación. Referencia ás Bases de execución do orzamento.

Tema 13. Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

**B) TEMAS ESPECÍFICOS**

Tema 1. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia

Tema 2. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, de Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento.

Tema 3. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

Tema 4. Lei orgánica 5/2000 de 12 de xuño, reguladora da responsabilidade penal de menores.

Tema 5. Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Tema 6. Lei 11/ 2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Tema 7. Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Tema 8. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Tema 9. Real decreto legislativo 1/2013 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Tema 10. Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre Drogas.

Tema 11. Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

Tema 12. Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Tema 13. Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula atención á diversidade do alumnado de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/ 2006, do 3 de maio, de educación.

Tema 14. Sistema de información de usuarios de Servizos Sociais (SIUSS)

Tema 15. Plan de acción sobre drogas 2013-2016. Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Tema 16. Programa Marco de Educación Familiar. CEESG.

Tema 17. Guía de detección do maltrato infantil. Xunta de Galicia.

Tema 18. Protocolo de identidade de xénero. Xunta de Galicia.

Tema 19. Pacto de estado contra a violencia de xénero.

Tema 20. Marco teórico e conceptual da educación familiar.

Tema 21. Competencias e funcións da educadora familiar.

Tema 22. Metodoloxía da acción socioeducativa con familias, grupos e comunidades.

Tema 23. Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, de modificación parcial do código civil e da lei de Enxuízamiento Civil.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 6 de febreiro de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0381

---